

	IES MARÍA CASARES. <b>Departamento de Economía</b>		2024-2025
	MATERIA	FORMACIÓN E ORIENTACIÓN PERSOAL E PROFESIONAL	
	CURSO	4º ESO	HORAS SEMANAIS
			3

BREVE DESCRICIÓN DA MATERIA
Mestura aspectos xerais e outros máis específicos relativos ao ser humano, introducindo conceptos de filosofía, dereito laboral, e economía. O alumnado adquirirá ferramentas para a toma de decisións persoais, académicas e profesionais.

CONTIDOS
Estudaremos como adaptarnos á realidade e como podemos afrontala con garantías de éxito asumindo novos retos para a incorporación a vida adulta. Achegarémonos á realidade laboral: curriculums, entrevistas de traballo, contratos, nóminas , IRPF ...

METODOLOXÍA
A metodoloxía proposta é de ensinanza activa, na que a participación do alumnado é o elemento esencial, procurando a súa formación integral como cidadán. Prestarase atención especial á consecución da súa motivación. Trata de dar unha resposta competencial, pasando da aprendizaxe memorística a aplicar o coñecemento a situacións diversas e cambiantes.. Empregaranse múltiples vías (verbal, auditiva, visual...) na presentación de contidos ao tempo que se promoverá que o alumnado exprese o coñecemento empregando diferentes vías. Empregaranse recursos tecnolóxicos accesibles para todo o alumnado, comprobando que coñecen e son quen de manexar as ferramentas precisas para realizar as actividades propostas. Fomentarase a análise crítica dos contidos, actividades e tarefas propostas. Proporanse tarefas, actividades de síntese con traballos individuais ou grupais que permitan relacionar coñecementos.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN	
FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN	PORCENTAXE NA CUALIFICACIÓN
Probas escritas e/ou orais =	80%
Outros instrumentos de avaliación	20%
<b>TOTAL AVALIACIÓN</b>	<b>100%</b>
<b>NOTA MEDIA AVALIACIÓN ORDINARIA</b> Media : $(\text{NOTA } 1^{\text{a}} \text{ AV} + \text{NOTA } 2^{\text{a}} \text{ AV} + \text{NOTA } 3^{\text{a}} \text{ AV}) / 3 = \text{NOTA MEDIA XUÑO}$	
<b>AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA</b> a cualificación da proba extraordinaria.	

VINCULACIÓN CON ESTUDOS POSTERIORES
Poden cursala alumnos orientados a bacharelato e a ciclos formativos, de todas as áreas e máis concretamente estudos de FP como Administración e Finanzas, Comercio e Marketing. Estudos universitarios relacionados coa Economía, Administración e Finanzas, Dereito.